

**CURSO** ■ Nova Escola Galega e a Asociación Galega do Xogo Popular desenvolven unhas xornadas ás que asisten máis dun cento de profesores

# O uso pedagóxico dos xogos tradicionais, a estudo en Melide

Máis de cen docentes asisten desde onte e ata hoxe no Colexio de Educación Infantil e Primaria Mestre Pastor Barral de Melide ó I Curso de Formación sobre o patrimonio lúdico: os xogos tradicionais, perspectiva educativa. O curso está organizado polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT).

Con este curso preténdese cubrir un oco existente nos programas oficiais de formación do profesorado, que só nalgunha época concreta ofreceron algunhas actividades de forma-

ción sobre o xogo tradicional.

Galicia é un país enormemente rico en xogos. No conxunto da Península, atópase nos primeiros lugares en canto ao número e á vixencia das súas prácticas lúdicas tradicionais, a carón do País Vasco, de Navarra e da propia Portugal. Nos últimos anos, son constantes as iniciativas de recuperación do xogo tradicional por todo o país, tanto desde a perspectiva deportiva —é o caso dos birlos ou da chave, por exemplo—, como desde outros ámbitos, entre eles o escolar. En efecto, son numerosos xa os centros educativos galegos que contemplan entre

os seus proxectos plans de recuperación dos xogos de cada zona.

O xogo tradicional contén en si mesmo moitos elementos educativos que non se deberían desaproveitar, constituíndo este feito un motivo máis para a súa recuperación e práctica, e por iso tamén o Curso tentará achegar propostas para traballar na aula os contidos curriculares a través do xogo tradicional.

Os procesos de recuperación do patrimonio lúdico son comúns a toda a nosa contorna europea próxima, onde existen tamén infinidade de proxectos de recuperación articu-

lados a maior parte deles a través da Asociación Europea de xogos e deportes tradicionais, entidade na que a AGXPT está integrada a través de Brinquedia, a Rede Galega do Xogo Tradicional.

O Curso compaxinará as sesións teóricas coa práctica dunha mostra significativa de xogos tradicionais. Especificamente, desenvolverase tamén un obradoiro sobre xogos tradicionais musicados. Todas as sesións serán dirixidas por persoal da AGXPT, agás a conferencia de clausura, que será pronunciada por un dos máis recoñecidos especialistas galegos na materia, o profesor Antón Cortizas Amado, autor, amais dunha inxente obra narrativa, da monumental enciclopedia dos xogos populares galegos titulada Chirlomirlos (edicións Xerais) e ten na actualidade no prelo unha tamén monumental enciclopedia sobre os xoguetes tradicionais que vai recibir o título de Tastarabás. ● REDACCIÓN